



TRÁMITE : Certificado do acordo.

José Luis Mato Rodríguez, Secretario Xeral do Pleno e das súas Comisións, CERTIFICO que, na sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o día 26.09.2022, adoptouse o seguinte ACORDO que, na súa parte dispositiva literalmente, di:

6.- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DAS COMPETENCIAS PROPIAS DA COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE RÉXIME INTERIOR, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E XURÍDICA E CAMBIO DE DENOMINACIÓN.2019/CREACIONCOMINFORM/000001

De orde da Presidencia, a Secretaría dá conta do ditame, favorable, da comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xustiza, de data 21.09.2022, emitido sobre a proposición que figura no asunto.

Sen intervencións, realízase votación ordinaria, e o Pleno, por unanimidade (24) e de conformidade co ditame da Comisión, presta a súa aprobación á proposta de ampliación das competencias propias da comisión que figura no expediente relacionado no asunto e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Ampliar as competencias propias da Comisión Permanente Ordinaria de Réxime Interior, Participación, persoal e Xurídica, que pasará a denominarse **Comisión Permanente Ordinaria de Réxime Interior, Participación, persoal, Xurídica e xeral de fondos europeos**. As súas competencias serán, refundindo as anteriores:

- Réxime Interior.
- Recursos Humanos e Formación.
- Matadoiro, Mercados e Venda ambulante,
- Defensa Xurídica e exercicio de accións en defensa dos bens e dereitos da Corporación.
- Participación cidadá.
- Administración electrónica.
- Xestión e tramitación de todas as actuacións relacionadas ou efectuadas no marco dos fondos eDusi.
- Xestión e tramitación de todas as actuacións relacionadas ou efectuadas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Xestión e tramitación de todas as actuacións relacionadas ou efectuadas no marco de Instrumentos europeos de axuda, fomento ou financiamento que, polo seu obxecto definido ou a súa amplitude, non podan ser localizadas no ámbito funcional doutra comisión en concreto.

Segundo.- Proceder á publicación da presente no BOP e na sede electrónica municipal, para maior transparencia.

E para que conste, coa reserva á que se refire o artigo 92.2 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións (BOP 248, de 28 de decembro de 2005), expido a presente certificación, visada polo Alcalde, en Pontevedra ao día da sinatura.

